

Acta da Comisión de Garantía Interna de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía do 12 de xullo de 2022

Anexos:

- I. Convocatoria da CGIC do 12/07/2022
- II. Asistentes á CGIC do 12/07/2022
- III. Guías Docentes das Titulacións da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía:
 - a. V09G290V01 Grao en Enxeñaría da Enerxía
 - b. V09G291V01 Grao en Enxeñaría da Enerxía (plan novo)
 - c. V09G310V01 Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
 - d. V09G311V01 Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (plan novo)
 - e. V09M148V01 Máster Universitario en Enxeñaría de Minas
- IV. Rexistro *R1-DO0203 P1 Plan de acción titorial e atención ás necesidades específicas de apoio educativo (PAT-ANEAE) do centro para o curso 2022-2023.*
- V. Rexistros do procedemento DO-0205 P1 Xestión da mobilidade:
 - a. *R1-DO0205 P1 Listaxe de estudantado propio seleccionado*
 - b. *R2-DO0205 P1 Listaxe de estudantado de mobilidade alleo.*

Ábrese a sesión ás 13 horas, en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas 1 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no Campus Remoto, presidida pola Presidenta, Dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

- 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 14 de xuño de 2022.**

Enviouse por correo electrónico xunto coa convocatoria desta CGIC.

Apróbase por asentimento e será publicada na sección INICIO / CALIDADE / COMISION DE CALIDADE da web do centro:

<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/escola/ordenacion-interna/comision-de-calidade/>

2. Informe do Coordinador

O Coordinador de calidade comenta as principais incidencias dende a sesión anterior:

➤ **Comunicacións da Área de Calidade – Enquisas de Satisfacción**

✓ **ES ALUMNADO.** Participación final nas titulacións do centro (10/07/22):

- GEE: 7/16, 43.75%
- GERME: 1/1, 100%
- MUEM: 3/7, 42.86%.

✓ **DOCENTIA:**

- 28 xuño: Publicación na secretaría virtual dos informes sobre a actividade docente do curso 2019-2020 nos que se recollen os datos e as informacións relativas a actividade docente do profesorado sen ningún tipo valoración. A valoración das mesmas realizarase no marco da convocatoria quinquenal de avaliación, que é de participación voluntaria por parte do profesorado. Prazo de alegacións ata o 18 de xullo de 2022.

➤ **Comunicacións da Unidade de Análises e Programas**

✓ 4 xullo: publicación de varios indicadores no Portal de Transparencia incluíndo unha actualización dos ficheiros de informes da enquisa de satisfacción de profesorado e alumnado ES20/21.

➤ **IRPD:**

- ✓ 29 xuño: publicación da versión final do IRPD20/21 no SGIC
- ✓ 5 xullo: publicación na web do centro, incluíndo nos apartados de seguimento das titulacións as páxinas nas que se atopa o estado das acción de mellora de cada unha.
- ✓ Falta publicar taxas académicas no apartado Resultados de medición.
- ✓ Nas próximas semanas actualizarase na plataforma do SGIC o seguimento das accións de mellora; agrádese a colaboración de Mayka Romo.

➤ **Igualdade:**

✓ 11 xullo: Acto de entrega do Distintivo de Igualdade ao centro; asisten en representación do centro a Directora e Generosa Fernández, Enlace de Igualdade do centro. É o primeiro centro do ámbito tecnolóxico que o acada; supón un recoñecemento e unha dotación económica para a organización de actividades relacionadas.

➤ **Registros abertos na plataforma do SGIC:**

✓ **R3-PE02 P1 - Listaxe de accións formativas derivadas de necesidades detectadas.** As necesidades foron trasladadas á Escola Aberta de Formación Permanente e na resposta achegada o 11 de xullo indican que terán en conta dúas das tres propostas; a outra a descartan por ser demasiado específica. Con isto, péchase o rexistro no SGIC.

- ✓ **R2-PE02 P1 - Informe de responsables académicos** (alerta o 31/03/22), mantense aberto á espera da resolución do DOCENTIA quinquenal 14/15 – 18/19.
- ✓ **R4-DO0201 P1 - Procedemento para o seguimento e control da docencia** (alerta o 30/06/22), posponse a setembro a revisión do procedemento aínda que este curso non houbo incidencias salientables.

A Presidenta agradece ao Coordinador de Calidade o traballo realizado.

3. Aprobación, se procede, das guías docentes das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso 2022-2023.

A Presidenta lembra que para cada grao coexisten dous plans de estudos: o plan novo e o plan en extinción. A novidade no próximo curso é a implantación do terceiro curso dos plans novos dos graos, polo que as guías das materias correspondentes parten de cero e moitas delas teñen cambios importantes de contidos. Engade que, a iniciativa dos coordinadores dos graos, se levaron a cabo dúas reunións previas á elaboración destas guías:

- 2 de xuño, sesión de coordinación contidos (María Araújo, Fran Deive, Pablo Eguía e representantes dos departamentos implicados).
- 10 de xuño, sesión informativa sobre a elaboración das guías das materias de 3º curso (María Araújo, Fran Deive e os coordinadores das materias).

Lembra que as guías docentes (Anexo III) se achegaron con antelación e a continuación cede a palabra ás persoas coordinadoras das titulacións para que expoñan as súas valoracións das guías docentes e do proceso de elaboración e supervisión das mesmas.

Francisco Deive, coordinador do Grao EE, comenta o proceso seguido. Sinala que foi boa idea facer as reunións previas para as guías das materias novas do terceiro curso porque, deste xeito, nas novas guías soamente foron necesarios algúns axustes nas planificacións. Salienta tamén as reunións levadas a cabo para facer un axuste de contidos entre as materias Circuitos e máquinas eléctricas de segundo curso e Motores e turbomáquinas térmicas de terceiro curso, para axustar a carga da materia de segundo. Indica que en practicamente todas as materias fíxose a adaptación para permitir acadar o 100% da avaliación mediante exame final (todas menos 2). No resto dos cursos soamente houbo cambios menores.

María Araújo, coordinadora do Grao ERME, salienta o compromiso de dedicar as horas de tipo B a prácticas instrumentais ou informáticas e agradece ao profesorado implicado na elaboración das guías de terceiro, tanto pola súa participación nas

reunións organizadas como pola adecuación das guías ás indicacións dadas e á memoria de verificación.

A continuación cede a palabra a Guillermo García, coordinador de primeiro curso do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas, responsable da revisión das guías docentes de esta titulación. Comenta que o proceso de revisión das guías docentes das materias do máster se centrou en pulir as versións en galego e sinala as principais modificacións introducidas nas guías. Indica que se achegou unha solicitude de materia *English Friendly* pero confirmouse que o programa só admite materias de grao.

A Comisión de Calidade aproba por asentimento as guías docentes das tres titulacións.

A Directora agradece o traballo realizado polas persoas coordinadoras dos graos e do máster: María Araújo, Francisco Deive e Guillermo García.

4. **Aprobación, se procede, do rexistro *R1-DO0203 P1 Plan de acción tutorial e atención ás necesidades específicas de apoio educativo (PAT-ANEAE) do centro para o curso 2022-2023* do procedemento DO0203 Orientación ao estudantado e atención ás necesidades específicas de apoio educativo.**

A Presidenta sinala que o PAT-ANEAE se elaborou e implementou o curso pasado. Sinala que nas reunións levadas a cabo ao longo do curso con Ángeles Domínguez, coordinadora xeral do PAT-ANEAE e do MEET no centro e coas persoas titoras, foron xurdindo detalles a mellorar no plan. A proposta se basea no documento do curso anterior, recollendo uns pequenos axustes nesta liña e actualizando tanto a parte relativa ao MEET (mentores, formación...) como os nomes das persoas titoras.

Luisa Álvarez pregunta algúns detalles sobre o sistema ANEAE e como se informa ao alumnado da existencia deste programa de apoio. A Presidenta explícalle como funciona e indica que, no centro, se informa na xornada de benvida ao alumnado de primeiro e nas sesións que se fan para o alumnado dos outros cursos (continuación de estudos), pero que pode estudarse facer unha maior difusión.

Apróbase a proposta por asentimento.

5. **Aprobación, se procede, dos seguintes rexistros do procedemento DO-0205 P1 Xestión da mobilidade:**

- *R1-DO0205 P1 Listaxe de estudantado propio seleccionado*
- *R2-DO0205 P1 Listaxe de estudantado de mobilidade allea*

A Presidenta indica que os rexistros do procedemento **DO-0205 P1 Xestión da mobilidade** foron elaborados coa axuda do Subdirector de Relacións Externas e Mobilidade, Santiago Pozo, e os comenta brevemente:

- **R1-DO0205 P1 Listaxe de estudantado propio seleccionado.** Este rexistro resume a mobilidade do alumnado do centro. O datos son similares aos do curso anterior, manténdose aínda a baixa mobilidade como consecuencia da situación provocada pola COVID-19. Para o próximo curso xa se aprecia unha tendencia de recuperación.

	Curso 2021-22			Curso 2020-21		
	GEE	GERME	MUEM	GEE	GERME	MUEM
Total alumnado	4	0	1	5	0	1
Porcentaxe total	2,1%	0,0%	3,0%	2,6%	0,0%	3,0%
Porcentaxe Mulleres	1,6%	0,0%	7,1%	0,0%	0,0%	5,0%
Porcentaxe Homes	2,3%	0,0%	0,0%	7,8%	0,0%	0,0%

- **R2-DO0205 P1 Listaxe de estudantado de mobilidade alleo.** Facendo unha comparativa co curso anterior obsérvase que o número de participantes baixou lixeiramente: pasou de 9 a 7.

O Coordinador de Calidade aclara que estes rexistros non figuran na Axenda Básica de calidade pero propón a súa aprobación para completar a información da mobilidade no centro e a súa publicación na plataforma do SGIC no rexistro Documentación Complementaria.

A Comisión aproba por asentimento os rexistros do procedemento DO-0205.

6. Rogos e Preguntas.

Generosa Fernández propón ir facendo unha listaxe de boas prácticas e incorporar nela a inclusión de temáticas de igualdade, perspectiva de xénero, etc. nas guías docentes das materias. A Presidenta recolle o rogo e indica que se elaborará un documento base e se irá completando ao longo do curso recompilando posibles boas prácticas, relacionadas tanto coas guías docentes como con outros temas.

Luisa Álvarez pregunta como se leva o control dos TFG/TFM porque formou parte dun tribunal e non lle pareceron adecuados os traballos presentados: carentes de



calidade, non axustados ao grao de enerxía... e suxire establecer un procedemento para evitar ese problema. A Presidenta responde que ten dúbidas de que non se axustasen á temática porque na Comisión Permanente se revisa iso, aínda que se fai en base ao título. No GEE a temática é moi ampla e aberta, polo que é difícil de acoutar; no GERME, pola orde CIM, é máis acoutado. Pode suceder que a persoa titora lle dea o visto bo, cun filtro moi laxo, e que non cumpra uns requisitos mínimos de calidade e que o tribunal considere que un traballo non ten a calidade suficiente. Suxire falar coas persoas titoras coas que se haxa identificado un problema e facer un seguimento específico dos casos detectados.

Luisa Álvarez tamén suxire facer algún tipo de formación para dar unhas pautas estruturais, de formato, etc. A Presidenta sinala que iso xa se fai para o TFM e podería ser interesante polo en marcha para o TFG, como un plan de formación transversal ou unha actividade extracurricular (redacción textos científicos...).

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 56 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a doce de xullo de dous mil vinte e dous.

Vº e Prace

A Presidenta

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba



ANEXO I

Convocatoria da CGIC do 12/07/2022



ANEXO II

Asistentes á CGIC do 12/07/2022



Asistentes á Comisión de Garantía Interna de Calidade do 12 de xullo de 2022	
Elena Alonso Prieto	Presidenta / Directora
Guillermo García Lomba	Secretario / Coord. Calidade
Luisa Álvarez Zaragoza	Repres. do Estudantado Egresado
María Araújo Fernández	Coordinadora Grao ERME
Francisco Javier Deive Herva	Coordinador Grao EE
Generosa Fernández Manín	Enlace Igualdade
Elena González Rodríguez	Representante do PDI
Diego López González	Representante da Sociedade
M ^a Carmen Romo Pérez	Repr. da Administradora do centro
Escusan a súa asistencia	
Raquel Gandón Chapela	Representante da UTC
Ana Rodríguez Rodríguez	Calidade Máster EM

ANEXO III

Guías Docentes das Titulacións da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía:

- a. V09G290V01 Grao en Enxeñaría da Enerxía
- b. V09G291V01 Grao en Enxeñaría da Enerxía (plan novo)
- c. V09G310V01 Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
- d. V09G311V01 Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (plan novo)
- e. V09M148V01 Máster Universitario en Enxeñaría de Minas



ANEXO IV

Rexistro R1-DO0203 P1 Plan de acción tutorial e atención ás necesidades específicas de apoio educativo (PAT-ANEAE) do centro para o curso 2022-2023.



ANEXO V

Rexistros do procedemento DO-0205 P1 Xestión da mobilidade:

- a. R1-DO0205 P1 Listaxe de estudantado propio seleccionado
- b. R2-DO0205 P1 Listaxe de estudantado de mobilidade alleo.